

RESOLUCIÓN POLA QUE SE AUTORIZA A MODIFICACIÓN DA FICHA I DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE E A E A FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO, PARA A REALIZACIÓN DO PROGRAMA DE PROMOCIÓN E DESENVOLVEMENTO DA SÚA MODALIDADE DEPORTIVA PARA O ANO 2023 NA QUE SE INCLÚEN OS PROXECTOS DE ESPECIAL RELEVANCIA (PER) INCLUÍDOS NO PLAN DE PROMOCIÓN DA IGUALDADE NO DEPORTE NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA-NEXT GENERATION EU

Interesado: Federación Galega de Montañismo

Antecedentes

Primeiro.- O 6 de xullo de 2023 a Secretaría Xeral para o Deporte e a Federación Galega de Montañismo asinaron a addenda ao convenio suscrito con data 07/02/2023 para a realización do programa de promoción e desenvolvemento da súa modalidade deportiva para o ano 2023 e así dotar no dito convenio o programa “Outros proxectos de especial relevancia”.

Segundo.- Mediante escrito da Federación Galega de Montañismo de data 24/07/2023, número de rexistro de entrada 2023/2133470, expoñen a necesidade de cambiar a denominación dos conceptos do Programa 7 - proxectos de especial relevancia, o que precisa a modificación da Ficha I da cláusula primeira da Addenda que, malia que foi asinada con posterioridade ao convenio, complementa a Ficha I do mesmo.

Terceiro.- Con este convenio a Secretaría Xeral para o Deporte colabora cos gastos ocasionados con motivo da realización dos seus respectivos programas de promoción deportiva para a anualidade 2023, co fin de fomentar o deporte e a actividade física saudable no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, colaborando así no desenvolvemento do sistema deportivo galego tal e como queda reflectido, en termos de actividade e económicos, na ficha I, Reparto orzamentario por programa, do convenio. Non obstante, na cláusula Primeira establécese que *“En todo caso, e non obstante esta concreción, sempre que o interese deportivo así o aconselle, poderá procederse, logo da solicitude motivada da federación e da autorización expresa e por escrito da Secretaría Xeral para o Deporte, á modificación dos termos da referida ficha I do presente convenio, modificación esta que, en ningún caso, poderá supor incremento da contía total establecida”*.

Consideracións legais e técnicas

SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA
DE PRESIDENCIA XUSTIZA E DEPORTES
Rúa Madrid, 2-4, 2º andar. 15781 Santiago de Compostela
881 996360 subdireccion-plans-programas.pr@xunta.gal



Primeiro.- A presente solicitude formúlase de acordo co disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e o seu Regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, así como supletoriamente a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

De conformidade co artigo 7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño e da cláusula primeira do convenio de colaboración, corresponde á Secretaría Xeral para o Deporte resolver a solicitude formulada

Segundo.- Na cláusula Primeira do convenio establécese que *“En todo caso, e non obstante esta concreción, sempre que o interese deportivo así o aconselle, poderá procederse, logo da solicitude motivada da federación e da autorización expresa e por escrito da Secretaría Xeral para o Deporte, á modificación dos termos da referida ficha I do presente convenio, modificación esta que, en ningún caso, poderá supor incremento da contía total establecida”*.

Terceiro.- Logo da solicitude motivada da federación, considérase de interese deportivo para o mellor desenvolvemento da súa actividade, polo que resulta necesario modificar os conceptos do apartado 7 (Outros Proxectos de Especial Relevancia) da Ficha I do convenio, non supoñendo dita modificación o incremento da contía total establecida.

Polo tanto e en base ao disposto na cláusula primeira do convenio, e de acordo co artigo 7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, esta Secretaría Xeral para o Deporte

RESOLVE

Primeiro.- Autorizar a modificación do apartado 7 da Ficha I anexa ao Convenio, que queda redactada tal e como segue:



Convenio coa Federación Galega de Montañismo

FICHA I

ANUALIDADE 2023

REPARTO ORZAMENTARIO

PROGRAMAS	IMPORTE
1.- Gastos xerais de funcionamento (máximo 25%)	7.509,25 €
2.- Actividade deportiva ordinaria	11.527,75 €
3.-Tecnificación e rendemento:	0,00 €
a) Centro Galego de Tecnificación Deportiva (CGTD)	0,00 €
b) Núcleos de adestramento deportivo especializado	0,00 €
c) Centros de Tecnificación	0,00 €
4.- Campionatos de España convocados polo CSD por Seleccións Autonómicas en idade Escolar (CESA)	5.500,00 €
5.- Actividade deportiva de promoción:	4.500,000 €
a) do deporte en idade escolar	2.000,00 €
b) do xénero menos representado dentro da práctica deportiva da federación	2.000,00 €
c) do deporte para deportistas con discapacidade	500,00 €
6.- París 2024	1.000,00 €
7.- Outros proxectos de especial relevancia (PER):	2.200,00€
Campionato de España de Escalada en Idade Escolar	1.000,00 €
Xornadas Equipo Novos Alpinistas Galegos (ENAG23)	400,00€
I Liga Xunta de Galicia de Sendeirismo e Liga Ibérica de Sendeirismo	800,00€
TOTAL	32.237,00 €



Segundo.- A presente resolución notificarase á interesada, facéndolle saber que non esgota a vía administrativa e que, contra a mesma, poderá interpoñerse recurso de alzada perante a Vicepresidencia 1ª e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción desta resolución, sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar calquera outro que estimen pertinente.

Santiago de Compostela,

O secretario xeral para o Deporte

José Ramón Lete Lasa

